

## **RESUMEN ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 23 DE XUÑO DE 2014.**

**1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:**

- Acta da sesión extraordinaria do 10 de xuño de 2014

**2º.- URBANISMO.**

**2.1.- Prórroga de licenza municipal de obra e provisional de actividade, solicitada por JOSÉ FERREIRO LAGE en representación de FEMASI S.L.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda conceder a prórroga solicitada por un prazo máximo de tres anos.

**2.2.- Construcción de edificación anexa para garda de apeiros de labranza, na parroquia de Dornelas, solicitado por MARÍA LUISA SILVA REY**

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:**

PRIMEIRO: A suspensión temporal da tramitación deste expediente, como mínimo ata a aprobación definitiva do planeamento actualmente en tramitación ou ben ata o fin do prazo legal de suspensión, o 19 de decembro de 2014.

**2.3.- Legalización de rehabilitación de fachadas e cuberta de vivenda unifamiliar ubicada no lugar de Costela, nº 9, parroquia de Margaride (Silleda), solicitado por NATALIA LÓPEZ SANMARTÍN.**

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:**

PRIMEIRO: A suspensión temporal da tramitación deste expediente, como mínimo ata a aprobación definitiva do planeamento actualmente en tramitación ou ben ata o fin do prazo legal de suspensión, o 19 de decembro de 2014.

**2.4.- Execución de dúas sepulturas baixo terra no adro da Igrexa da parroquia de Santa María de Carboeiro (Silleda), solicitado por JOSE MANUEL GÓMEZ LÓPEZ.**

**A Xunta de Goberno Local, acorda dar traslado dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos, a fin de que emitan informe previo á concesión de licenza municipal:**

1.- Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e

Infraestruturas a fin de que se emita, se procede, autorización autonómica previa á concesión de licenza municipal, conforme ao artigo 41 da LOUGA.

2.- Xefatura Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe sobre a viabilidade da edificación proposta e as súas condicións, no seu caso, por ubicarse nas inmediacións da Igrexa de Santa María de Carboeiro.

**2.5.- Licenza municipal para Taller Mecánico a ubicar no lugar de Campo, nº 43 baixo (Silleda), solicitado por ABEL JULIO GONZÁLEZ GARCÍA.**

A **Xunta de Goberno Local**, **acorda** dar traslado dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos, a fin de que emitan informe previo á concesión de licenza municipal:

1.- Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda, previos os trámites oportunos, a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental.

**2.6.- Rehabilitación do entorno do Santuario da Saleta, no lugar de Penadagra, parroquia de Sador (Silleda), solicitado por ROBERTO JOSÉ RIVAS MARTÍNEZ, en representación da FUNDACIÓN SANTUARIO NUESTRA SEÑORA DE LA SALETA.**

A **Xunta de Goberno Local**, **acorda**


PRIMEIRO: A concesión da **licencia de obra solicitada**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal e o Arquitecto Técnico Municipal.

**3º.- APROBACION DAS SOLICITUDES DE ALTA NO SERVICIO DE ABASTECIMIENTO DE AUGA E SANEAMENTO MUNICIPAIS (nº 1614 A 1625).**

**VISTO** o listado de altas no servizo de abastecemento de auga presentado pola adxudicataria, cos rexistros de usuarios nº 1614 a 1625, se aproba o mesmo.

**4º.- RECLAMACION POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. Danos en vehículo. Ramiro Carbia Rivero.**

**SE ACORDA** : desestimar a reclamación presentada por Ramiro Carbia Rivero, en tanto a estrada que cita, a PO-211 é de titularidade autonómica.



5º.- APROBACION DOS PREGOS DE CONDICIONS ECONOMICO ADMINISTRATIVAS E PARTICULARES PARA LICITAR A ADXUDICACION DO SERVICIO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**RESOLVE**

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas particulares que rexerán a contratación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, mediante procedemento aberto, convocando a licitación do mesmo.

6º.- INFORME DE SECRETARIA SOBRE AS AUTORIZACIÓNS PARA VERBENAS E ESTAS POPULARES, LOGO DA ENTRADA EN VIGOR DA Lei 27/2013.

O Sr. Secretario fai unha exposición da nova normativa, sintetizando que as verbenas e estas populares sen a instalación ou escenarios móbiles non precisarán de licenza municipal, bastando coa comunicación previa ao Concello, e si será necesaria cando se vaia a usar un escenario ou estrutura móbil.

7º.- APROBACION DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE MANTEMENTO DOS BENS, PATRIMONIO E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN.

A xunta de Goberno Local aproba a proposta da Alcaldía e as Bases Reguladoras antes transcritas.

8º.- INICIACION DO EXPEDIENTE PARA LICITAR A ADXUDICACION DO SERVICIO DA XESTIÓN DO SANEAMENTO MUNICIPAL -EDAR Silleda/Bandeira- , LOGO DA RESCISIÓN CON ESPINA Y DELFIN POR FINALIZACIÓN DO PRAZO CONTRACTUAL DA CONCESION.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**RESOLVE**

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas particulares que rexerán a contratación do servizo de recollida de residuos sólidos



urbanos, mediante procedemento aberto, convocando a licitación do mesmo

**9º.- BAIXAS NO SAF. PROGRAMA DE DEPENDENCIA.**

Vistas as propostas da traballadora social, se acorda dar de baixa no servizo a M<sup>a</sup> Josefa Silva Villar e Carmen Espiño Rey.

**10º.- INFORME DE SECRETARIA SOBRE A RESCISIÓN CONTRACTUAL CON TELEFONICA E A RECLAMCION DA DÉBEDA CONTRAIDA POR RENDAS IMPAGADAS.**

**SE ACORDA:**

1º.- Exercer o dereito a RESCISIÓN do contrato de arrendamento con Telefónica a partir do 1 de xaneiro de 2015, de acordo co disposto na disp. transitoria terceira da Lei 29/1994 de arrendamentos urbanos, dando traslado a empresa arrendataria.

2º.- RECLAMAR a TELEFONICA suma acumulativa de rendas impagadas desde o ano inicial, aplicando o IPC anual, e que ascende a cantidade de 11.871,75 €, mais o interés legal do diñeiro.

**11º.- APROBACION DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas e Culturais:

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:**

**12º.- DAR CONTA DO INFORME DOS SERVICIOS SOCIAIS SOBRE A SITUACIÓN DE E.P.M.**

Se acorda:

1º.- Concederlle unha axuda con cargo ao programa de Emergencia Social para arrancar o tellado da súa vivenda, condicionada a dispoñibilidade orzamentaria.

2º.- Interesar que, a traveso dos servizos sociais e xurídicos municipais, se proceda



a elevar diante da Fiscalía e Xulgado competente a petición de declaración de incapacidade de E.P.M.

**13º.- DAR CONTA DO INFORME DA POLICIA LOCAL E SEPRONA SOBRE CAMIÓN ABANDONADO.**

**SE ACORDA:**

1.- **REQUERIR** o propietario S.G., con domicilio en ----, SILLEDA, a inmediata retirada do camión.

2.- **INCOAR** expediente por infracción da normativa sobre residuos e verquidos.

3.- **TRAMITAR** expediente como vehículo abandonado, constituíndo un residuo.

**14º.- CONTRATACIÓN DE 2 TRABALLADORES PARA O SERVICIO DENOMINADO "MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL"**

A Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

- Solicitar unha subvención polo importe total que corresponda aos gastos de Seguridade Social e costes salariais da contratación de 2 traballadores cunha duración de 8 meses, en xornada de 28 horas semanais: 2 OFICIAIS DE ALBAÑEL para o servizo denominado "**Mantemento e conservación de edificios de titulariedade municipal**", con un custo total de 18.671,33 €

**15º.- AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS**

A Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

- Solicitar unha subvención polo importe total que corresponda aos gastos de Seguridade Social e costes salariais da contratación de 10 traballadores cunha duración de 3 meses, en xornada de 37,5 horas semanais: 3 PEÓNS DE ALBANEL, 3 OFICIAIS DE ALBANEL, E 4 PEÓNS DE LIMPEZA VIARIA (VARREDORES) para o servizo denominado "**Limpeza, mantemento e conservación de infraestructuras viarias e demais inmobles de**

**titulariedade municipal"**, con un custo total de 45.664,17 €.